

4 poemas nunca antes vistos

Estíbaliz ESPINOSA

INSTRUCCIÓN

achégate. non fagas moito ruído. durmo.
sostén o medicamento coa man esquerda mentres a dereita o abre lentamente.

recolle a miña cabeza co dorso da túa man. se pos os teus beizos na miña fronte comprobarás que subiu a febre. no teu peito apoiás a miña cabeza inflamada de delirios. fóra vai un vento especial. un vento requerido.

coas mans libres termas dunha diminuta culler branca e o preparado que se verte sobre ela. murmuro cun fío de voz que a xeometría está equivocada. dime que cale (*cala, deliras*) e ponme a menciña nos labios. asegúrate de que a trago ben e volve deixarme con coidado sobre a almofada. cóntame cousas no oído, moi baixiño, só para min, para que me durma.

e pecha as cortinas. non nos vaian ver

(do poemario inédito un dous,
2000/2001)

o meu inédito preferido

de todos os meus poemas inéditos
este é o meu preferido
este, que non di nada,
que se aproxima á indefensión

cando ti o les
eu sento no trono máis leve do mundo
estamos unidos por unha pisca de herba
por unha manchiña no papel

estamos unidos por un capricho na sucesión do tempo
porque ti non viviches antes ca min
eu podo dicilo

unidos como a palabra *lazaward* e a palabra *azul*

algo tan tenue entre os dous
que nin sequera sei se existe
o meu inédito preferido

nin volverei falar do tema

inédito 2003

andar fozando nos corpos coma pequenos bichos
iso escríbese igual ca min fozando nesta folla como
unha cascuda en celo

incomunidade

non sigas lendo. isto é unha trampa.
non vou dicirche que faría canto quixeras

e estamos incriminados nela, ti e mais eu
non vou dicirche que quizais non

e debes seguirme punto por punto ata o final
non vou dicirche que enterrei todas as palabras

estás atrapado agora, e a vida váiselle a este poema
poderás empezalo unha e mil veces e unha e mil veces acabará da mesma forma
estamos só os dous e ti fasme sentir que todo isto é certo

pero se non é certo, por qué segues aquí
por qué segues
a piques de caer nesta trampa indivisa
na vida que se lle vai a este poema, secamente

faría canto quixeras
quizais non
enterrei todas as palabras

quédanme estas para dicirche que quero
aprender
o teu rostro
de memoria

para alberto augusto miranda, que foi cousa súa

Poemas

Mariana GUIADANES

A vida está chea de

O C O S

que ó final interveñen

un

a

un

nas túas decisións.

Puntos de sutura
rodean o meu corpo infeliz
Barbarie de palabras
que chegan
tralo enfrontamento de
misterios e exércitos
A calceta non conseguiu ta-
par a dor
e eu sigo aquí morrendo de
frío
á túa beira
sen te decatares de que a miña cor